

COMPROMISO DE ADHESIÓN



CARNÉXOVE

Dunha parte, a CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL e no seu nome e representación dona Cristina Pichel Toimil, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 153/2018, do 5 de decembro.

Doutra parte, de agora en adiante, o COLABORADOR:

Datos fiscais e para notificacións:

D./D ^a :		NIF:	Cargo ou representación (xerente, propietario...):	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	
Nome da empresa (SA, SL,...) (non cubrir no caso de autónomos)			CIF: (non cubrir no caso de autónomos)	
<input type="text"/>			<input type="text"/>	
Domicilio social:		Poboación:	Provincia:	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	
Código postal:	Teléfono:	Móbil:	Fax:	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
Correo electrónico:			Actividade:	
<input type="text"/>			<input type="text"/>	

Datos do establecemento (datos que se difundirán ás persoas titulares na guía de establecementos adheridos)

Nome comercial:		Domicilio:		
<input type="text"/>		<input type="text"/>		
Código postal:	Poboación:	Provincia:	Teléfono:	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
Correo electrónico:		Páxina web:	Redes sociais:	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	

No caso de adhesión de varios establecementos do mesmo colaborador, cubriranse os datos dos establecementos nun documento anexo.

O COLABORADOR expón que coñecendo todos os aspectos do programa Carné Xove, acepta adherirse a este como entidade colaboradora, ofrecendo as vantaxes que deseguido se relacionan, e amosa a súa conformidade coas condicións xerais que se especifican neste compromiso.

Ambas as dúas partes manifestan expresamente a súa conformidade coas seguintes

CONDICIÓNS XERAIS

I. O COLABORADOR comprométese a ofertarlles ás persoas titulares do Carné Xove unha serie de vantaxes sobre os produtos, servizos e/ou equipamentos de que dispón ou que presta, consistentes en:

Desconto (Indicar a porcentaxe de desconto, detallando brevemente o tipo de produtos e/ou servizos aos que se lles aplica):
<input type="text"/>

II. A Consellería de Política Social pon ao dispor da xuventude galega o Carné Xove dirixido ás persoas que se atopan no tramo de idade de 12 a 30 anos. O carné é persoal e intransferible e nel figura o nome e apelidos da persoa titular, a data de caducidade e o número de carné (número Eyca).

III. OS COLABORADORES son persoas, empresas e entidades adheridas que, de xeito voluntario, acordan conceder beneficios e/ou calquera outro servizo aos posuidores do Carné Xove.

IV. O COLABORADOR, coa sinatura do presente acordo, comprométese a cumprir as seguintes obrigas:

a) Efectuar un desconto na venda dos seus produtos e/ou prestación de servizos que non poderá ser inferior ao 10%, agás acordo especial e voluntario por razón de materia e servizo.

Os descontos ou beneficios outorgados non son acumulables a outras ofertas salvo acordo en contrario, e non dan lugar en ningún caso a contraprestación económica por parte dos organismos promotores do programa.

b) Aplicar efectivamente as vantaxes descritas a aquelas persoas que exhiban o Carné Xove debidamente cuberto dalgún dos países europeos asinantes do Protocolo de Lisboa de xuño de 1987 ou de calquera das comunidades autónomas do Estado Español.

c) Colocar nun lugar visible do establecemento o adhesivo homologado que o identifica como participante no programa Carné Xove, que lle será facilitado gratuitamente pola Consellería.

d) Incluír nos seus medios publicitarios –sempre que sexa posible– as vantaxes que oferta ás persoas titulares do Carné Xove.

e) Prestarlles os seus servizos ás persoas titulares do Carné Xove en idénticas condicións de calidade e dilixencia que ao resto de usuarias non titulares.

f) Facerse responsable directo dos produtos que venda e da prestación dos seus servizos, así como de todos os danos e prexuízos directos ou indirectos que se poidan derivar como consecuencia dos actos, omisións ou negligencias do persoal ao seu servizo e da súa organización, ou de calquera reclamación que estea relacionada. A Consellería de Política Social quedará exonerada das mentadas responsabilidades.

V. Mediante o presente acordo, a Consellería de Política Social comprométese, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, a incluír gratuitamente o establecemento COLABORADOR (xunto co seu enderezo, actividade e vantaxes ofertadas) na “Guía dixital de establecementos adheridos do Carné Xove” publicada na páxina web: <http://xuventude.xunta.es>

VI. A Consellería resérvase para si o dereito de non aceptar aquelas ofertas que polo seu contido ou características non se axusten ás finalidades do programa.

VII.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social
Finalidades do tratamento	Tramitar este acordo, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue no formulario para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a Lei 6/2012, do 19 de xuño, de Xuventude de Galicia, a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

VIII. O presente acordo entrará en vigor a partir do momento en que se publique a adhesión do colaborador ao programa Carné xove na páxina web xuventude.xunta.es, na guía de establecementos adheridos.

IX. Para o caso de que o COLABORADOR desexe dar por finalizado o presente acordo, deberá comunicalo por escrito á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado cun aviso previo de dous meses á data na que desexe dalo por rematado.

X. A Consellería de Política Social poderá, así mesmo, rescindir o acordo no caso de incumprimento dos compromisos asumidos polo colaborador.

En proba de conformidade de canto antecede, as partes asinan o presente acordo no lugar e data indicados.

Santiago de Compostela,

Cristina Pichel Toimil

O colaborador

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado